



XUNTA  
DE GALICIA

Saída 966171 / RX 1335782

REXISTRO ELECTRÓNICO  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 01/10/2020 11:25:44



José Manuel López Castrillón  
Club Rías Altas Histórico  
Parroquia de Guísamo, Parcela A2, nave 7  
15165 Bergondo

REFª S. ADMIN .LOCAL INT. CO - A12X00894 -Nº Expediente : C-PD-32/2020  
ASUNTO: Resolución autorización proba deportiva  
Proba deportiva: **RALLYE RÍAS ALTAS HISTÓRICO**  
Solicitante: José Manuel López Castrillón. Club Rías Altas Histórico  
Data celebración: 2 e 3 de outubro de 2020  
Horario: 2 de outubro: de 16.00 a 22.45. 3 de outubro: de 10.00 a 15.30  
Vías afectadas: DP-0906, DP-5003, DP-0301. Tramos de enlace: AC-11, AP-9,A-6, N-VI, N-651, AC-160, CP-5004, AC-151, AC-144, AC-542, DP-0105, DP-3902, DP-0905, DP-0906, CP-5004.  
Concellos afectados: A Coruña, Monfero, Vilarmaior, Irixoa e Aranga

## FEITOS

Primeiro.- O 25 de agosto de 2020 recibíuse a solicitude de autorización da proba deportiva “ RALLYE RÍAS ALTAS HISTÓRICO ”, que se vai celebrar os días 2 e 3 de outubro de 2020. A proba discorrerá polos concellos de A Coruña, Monfero, Vilarmaior, Irixoa e Aranga. As vías afectadas son DP-0906, DP-5003, DP-0301. Os tramos de enlace discorren por: AC-11, AP-9,A-6, N-VI, N-651, AC-160, CP-5004, AC-151, AC-144, AC-542, DP-0105, DP-3902, DP-0905, DP-0906, CP-5004.

Segundo.- O expediente instruíuse coa achega dos seguintes documentos: regulamento da carreira, memoria da proba, rutómetro, mapa do percorrido, servizos sanitarios, seguro de responsabilidade civil e xustificante de pago da taxa reguladora. Ademais achegouse o protocolo específico Covid da proba deportiva, elaborado polos organizadores da mesma.

Terceiro.- O promotor da proba manifesta que a mesma cumprirá co establecido no “*Protocolo sanitario complementario de refuerzo sectorial de la Real Federación Española de Automovilismo*”, o Protocolo específico no ámbito COVID-19 da Federación Galega de Automobilismo e o Protocolo específico COVID-19 específico da proba RALLYE RÍAS ALTAS HISTÓRICO. O dito protocolo específico trasladouse á Secretaría Xeral do Deporte para a súa supervisión e control, segundo establece o apartado dous da Orde do 27 de agosto de 2020 (DOG 28 de agosto), que modifica o Acordo da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo Covid-19. A Subdirección Xeral de Plans e Programas da dita Secretaría Xeral enviou a conformidade co mesmo.

Cuarto.- Solicitáronse os preceptivos informes aos organismos titulares das vías polas que discorre a proba (Demarcación de estradas do Estado do Ministerio de Fomento, Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial); á Xefatura Provincial de Tráfico, ao Servizo de Patrimonio Natural da xefatura territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e aos concellos afectados.

Quinto.- Solicitouse colaboración á Policía Autonómica para o control das medidas sanitarias indicadas nos protocolos Covid. A mesma comunicou que: “...*confirma a prestación de servicio por parte de esta Jefatura Provincial, durante la mencionada prueba*”.

. A Demarcación de Estradas do Estado informa:

“ **FAVORABLEMENTE acerca de la celebración de tal evento**, con el siguiente condicionado:

- *Los tramos afectados de las carreteras estatales se encuentran en un estado adecuado de conservación, no obstante se recomienda un recorrido previo por el mismo.*



- *La seguridad y fluidez de la circulación quedará garantizada en todo momento reduciendo al máximo las afecciones a los usuarios de la carretera, estando dicho evento debidamente señalizado y contando, en su caso, con el apoyo necesario de la autoridad competente en materia de tráfico, protección civil, etc.*
- *Las posibles reclamaciones patrimoniales que se deriven de la celebración de tal evento serán asumidas por sus organizadores.*
- *La infraestructura estatal ha de quedar en las mismas condiciones que las preexistentes a la celebración de tal evento (limpieza, equipamiento vial, etc), siendo responsable de ello el peticionario.*

*El presente informe se emite a los solos efectos previstos en la ley 37/2015 de carreteras y su reglamento de desarrollo (RD 1812/94) y a reserva de informes y/o autorizaciones que, en su caso, pudieran evacuarse. A este respecto, se recuerda la preceptiva comunicación a la Dirección General de Tráfico”.*

• **O Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas** comunica que: *“as estradas de titularidade autonómica empregaranse como treitos de enlace e en ningún momento a proba deportiva se desenvolverá por estas. De acordo con isto, non é necesario informe previo por parte desta administración para a proba do asunto”*

• **Os concellos** afectados informaron favorablemente.

Do informe emitido polo Concello de Irixoa destaca o seguinte: *“...pola organización deberán adoptarse as medidas preventivas oportunas para o control do contaxio do coronavirus”.*

O informe emitido pola Policía Local de A Coruña indica o seguinte: *“...Durante el recorrido por las calles de la ciudad deberán respetar las normas de tráfico por coincidir con la circulación ordinaria. La salida de la Plaza de María Pita para el abandono del recinto, una vez finalizado el evento, se realizará por la Cuesta de San Agustín”.*

Do informe emitido polo Concello de Monfero destaca o seguinte: *“...esta Alcaldía non observa ningún inconveniente para que o mencionado rally discorra por este municipio, sempre e cando que nos tramos que se indican no plano adxunto correspondente ao TC2/4 non se proceda a cortar as estradas nos puntos indicados ata as 17:30 horas, debido ao paso do transporte escolar”.* Deuse traslado á organización do dito informe, que confirmou que a proba cumprirá coas condicións sinaladas no mesmo.

• Non se recibiron a tempo os informes do **Servizo de Patrimonio Natural nin do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial**, aínda que consta a posta no seu coñecemento da realización da proba.

Cuarto.- O informe da **Xefatura provincial de Tráfico** xúntase á presente resolución, que se incorpora como parte da súa motivación e condiciona a autorización solicitada, de xeito que poderá ser suspendida ou revogada no caso de incumprimento.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Real decreto 1640/1996, do 5 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de espectáculos públicos. Decreto 336/1996, do 13 de setembro (BOE do 17 de setembro), sobre asunción de funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións e espectáculos públicos e a súa asignación á entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

Segundo.- Na actualidade a competencia ven establecida aos xefes territoriais en virtude do Decreto 245/2009, do 30 de abril (DOG do 01/05/2009)

Terceiro. O Anexo II do Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o “Reglamento General de Circulación “ establece no seu artigo 2 que a competencia para expedir a autorización para





celebrar probas deportivas que se desenvolvan integramente por vías situadas dentro do ámbito territorial dunha comunidade autónoma, corresponderalle a esa comunidade autónoma.

Cuarto- Lei 20/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e Decreto 98/2020, do 2 de xullo, polo que se regula o procedemento de autorización da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinto- Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo Covid-19.

Sexto- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común da administracións públicas.

En virtude de todo o exposto,

## RESOLVO

Autorizar a celebración da proba deportiva “ RALLYE RÍAS ALTAS HISTÓRICO ”, os vindeiros días 2 e 3 de outubro de 2020. Deberán cumprir as condicións que se sinalan nos informes emitidos e que están recollidos nos fundamentos , nos artigos 32 a 33 do Anexo III (outros eventos) , Sección terceira, do Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro.

Tamén deberán cumprir con todo rigor o disposto nos protocolos sanitarios indicados anteriormente no ámbito Covid-19, tal como establece a Resolución de 12 de xuño (DOG 13 de xuño), da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade; e as modificacións introducidas polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 25 de xuño, ( DOG do 27 de xuño) que establece no artigo 3.22.bis “ *Nestes casos, con carácter previo á celebración se delimitará o espazo ou itinerario e a asistencia de público estará limitada a un máximo de 1.000 persoas. Procurarase manter a distancia de seguridade interpersoal entre os participantes e o público asistente e o uso de máscara será obrigatorio para todo o público asistente*” . A Resolución do 17 de xullo de 2020, tamén establece que “*o uso da máscara é obrigatorio en todo momento, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade*”.

Contra a esta resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o Vicepresidente Primeiro e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, no prazo dun mes que comezará a contar a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A xefa territorial  
María Barreiro Lázare

